



## ROGO PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE ILUMINACIÓN NO CAMPO DA FESTA DA BARCIELA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igrexa parroquial de Santo André da Barciela, que o ano pasado cumpriu o seu primeiro centenario, foi obxecto recentemente dunha actuación de rehabilitación por parte do Consorcio de Santiago que mellorou a súa cuberta e as súas fachadas no exterior e a retábulos do seu interior.

Con anterioridade, entre finais de 2014 e o 2015 tamén se tiña acondicionado por parte do Concello a praza pública anexa á igrexa e cemiterio para estacionamento público e usos comúns, incluíndo a reparación dos accesos, a mellora da rede de recollida de augas con baixantes, drenaxes e reixas; unha nova sinalización, a plantación de árbores e unha limpeza xeral do contorno.

Nese mesmo recinto, que comparten a igrexa e o cemiterio, atópase o campo da festa, conformado por unha explanada duns 2.000 metros cadrados que, exceptuando as catro farolas adosadas ao ángulos da igrexa, carece de iluminación. Por este motivo, e tendo en conta a gran tradición de celebracións –como o San Brais, o Santísimo Sacramento, a Santa Eufemia ou o propio patrón Santo Andrés- que ao longo do ano convocan nese lugar á veciñanza e visitantes, fórmulase o seguinte rogo:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal se proceda á instalación dos puntos de iluminación –de baixo consumo e máxima eficiencia lumínica- que se consideren axeitados no recinto público anexo á igrexa e cemiterio da Barciela, como complemento das melloras realizadas nos últimos anos.***

Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2018.

María Teresa Cancelo Márquez  
Concelleira do Grupo Popular